

Produto interior bruto galego e estatal

Tanto o PIB estatal como o PIB galego incrementáronse no segundo trimestre do ano 2016 nun 0,8%, o que no caso do PIB galego supón unha décima máis que no trimestre anterior e leva a variación porcentual interanual do PIB para este período ata o 3%, mentres que o PIB estatal para o período de referencia pasa a ser do 3,2%.


O gráfico representa a evolución dos PIB galego e estatal dos últimos 18 trimestres e nel pode apreciarse que, se ben o crecemento interanual do PIB estatal acadou o seu máximo no último trimestre de 2015 e está a decrecer lixeiramente, o PIB galego continúa na súa tendencia alcista, acadando no segundo trimestre do ano a só dúas décimas do estatal en termos interanuais. Se trata da menor diferenza entre o PIB galego e o estatal desde o último trimestre do ano 2013.

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos Corrixidos de estacionalidade e calendario)
Galicia-España 2009-2015 (*)

	% (T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16
Galicia		-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	2,1	0,5	0,8	1,4	1,9	2,2	2,6	2,8	3
España		-3,8	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,2	1,7	2,1	2,7	3,2	3,4	3,5	3,4	3,2

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

(*) os valores anuais para o PIB estatal para os anos 2011-2014 foron recalculados no pasado setembro (ver nota de prensa INE do 15.09.2015) rexistrándose valores inferiores aos calculados previamente nos anos 2011a 2013



Poboación activa, contratación, paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social

No terceiro trimestre de 2016, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) sinala que en Galicia se incrementou a poboación activa en 2.200 persoas respecto do mesmo trimestre do ano anterior (7.700 persoas máis que no segundo trimestre), o que supón un incremento da poboación activa do 0,2% nos últimos 12 meses. Este dato positivo contrasta coa tendencia decrecente observada en trimestres anteriores en Galicia, e co dato interanual estatal, onde a poboación activa decreceu en -51.200 persoas (o -0,2%). A taxa de ocupación tamén amosou un comportamento positivo no terceiro trimestre: o aumento do número de ocupados en 18.900 persoas nos últimos doce meses (23.900 respecto do trimestre anterior) leva o número de galegos e galegas ocupados ata o 1.057.900 e a taxa ata o 45,0%. En canto á taxa de paro, a EPA fíxaa nun 16,3% da poboación activa, sendo o número de persoas desempregadas neste trimestre de 206.700. Esta taxa é inferior en -2,6 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto de España, e en -1,4 puntos porcentuais á rexistrada no trimestre anterior.

No que atinxe á contratación, no terceiro trimestre do ano asináronse 280.784 contratos novos en Galicia, que supoñen un incremento do 18,1% fronte ao segundo trimestre, e dun 7,0% respecto do terceiro trimestre de 2015. No que atinxe á comparación co trimestre anterior, o incremento de contratos asinados apréciase en todos os sectores de actividade, destacando o incremento en agricultura e pesca (75% máis, mentres que os contratos asinados no resto de sectores crecen entre un 13% e un 17%) e, atendendo ao tipo de contrato asinado, existe un lixeiro descenso dos contratos indefinidos e un aumento do resto de contratos, moi acusado no caso dos contratos de prácticas e formación (o 73,2% máis que no segundo trimestre). Pola súa banda, se nos fixamos na comparación co terceiro trimestre de 2015, aumentan os contratos asinados na industria e no sector servizos mentres diminúen os asinados no sector primario e na construción e, estudando o tipo de contrato, tanto os contratos indefinidos como os temporais presentan incremento, fronte ao descenso dos contratos en prácticas / formación e nos contratos clasificados como "outros".

En termos interanuais, os contratos asinados por mulleres superan lixeiramente aos dos homes, mentres que na comparación co trimestre anterior obsérvase a tendencia oposta.

No mes de setembro detívose a tendencia de diminución do paro rexistrado que viña prolongándose desde o mes de xaneiro, se ben compre sinalar que tal tendencia se mantén e mesmo se incrementa lixeiramente en termos interanuais. Se ben os valores totais rexistrados cada mes son moi similares, a observación polo miúdo dos datos nos indica que a redución do paro rexistrado é máis intensa entre os homes (que presentan diminución do paro nos tres meses, mentres que entre as mulleres se incrementou en agosto e setembro). Por sectores de actividade, tanto a industria como os servizos foron os que amosaron peor comportamento respecto ao trimestre anterior, incluíndo crecemento do paro rexistrado no mes de setembro en ambos sectores. Porén, en termos interanuais todos os sectores amosan reducións do paro rexistrado superiores ao -10% excepto o sector servizos (cunha redución do -7,8%)

Segundo os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre a media de persoas afiliadas no terceiro trimestre, a tendencia á alza das afiliacións mantívose e mesmo acelerouse en xullo, se ben amosou unha desaceleración en agosto que mesmo se agudizou en setembro, mes no cal a afiliación reduciuse en Galicia respecto do mes anterior (a nivel nacional tamén se aprecia unha desaceleración a partires de xullo), se ben neste caso o valor rexistrado en agosto xa foi negativo, recuperando valores positivos en setembro. No que respecta aos valores interanuais de afiliación, estes alcanzan incrementos superiores aos do trimestre pasado tanto a nivel estatal como galego, coa excepción do valor do mes de setembro para Galicia, que en termos porcentuais amosou o incremento da afiliación interanual máis reducido no que vai de ano.

Valores Poboación Activa Galicia-España 3º Trimestre 2016

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.264,6	7,7	0,6	2,8	0,2
España	22.846,3	-27,3	-0,1	-51,2	-0,2

Fuente: Enquisa de Poboación Activa - INE (datos en miles)

Datos contratación en Galicia por género, edad, tipo de contrato y sector, 3º Trimestre 2016

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
3º Trimestre 2016	280.784	42.983	18,1%	18.336	7,0%
Hombres	148.817	23.444	18,7%	8.584	6,1%
Mujeres	131.967	19.539	17,4%	9.752	8,0%
<30 años	95.863	20.166	26,6%	8.377	9,6%
entre 30 e 44 años	120.168	11.687	10,8%	3.681	3,2%
>44 años	64.753	11.130	20,8%	6.278	10,7%
Indefinido	17.714	-162	-0,9%	1.701	10,6%
Temporal	253.686	40.080	18,8%	19.641	8,4%
Prácticas / Formación	3.601	1.522	73,2%	-2.257	-38,5%
Otros	5.783	1.543	36,4%	-749	-11,5%
Agricultura e Pesca	10.513	4.505	75,0%	-136	-1,3%
Industria	37.639	4.414	13,3%	2.018	5,7%
Construcción	13.179	1.537	13,2%	-42	-0,3%
Servicios	219.453	32.527	17,4%	16.496	8,1%

Fuente: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Economía, Emprego e Industria

Paro registrado en Galicia por género y edad. 3er Trimestre 2016

3T 2016	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes año anterior			% variación mes año anterior		
	julio	agosto	septiembre	julio	agosto	septiembre	julio	agosto	septiembre	julio	agosto	septiembre	julio	agosto	septiembre
TOTAL	195.457	193.045	194.336	-11.863	-2.412	1.291	-5,7%	-1,2%	0,7%	-20.914	-20.687	-21.401	-9,7%	-9,7%	-9,9%
Hombres	87.743	85.814	85.446	-6.445	-2.129	-168	-6,8%	-2,4%	-0,2%	-10.857	-11.137	-11.409	-11,0%	-11,5%	-11,8%
Mujeres	107.714	107.431	108.890	-5.418	-283	1.459	-4,8%	-0,3%	1,4%	-10.057	-9.550	-9.992	-8,5%	-8,2%	-8,4%
<30 años	24.202	24.366	24.715	-2.428	164	349	-9,1%	0,7%	1,4%	-4.712	-4.117	-4.817	-16,3%	-14,5%	-16,3%
entre 30 e 44 años	69.756	68.531	69.147	-5.173	-1.225	616	-6,9%	-1,8%	0,9%	-10.421	-10.373	-10.281	-13,0%	-13,1%	-10,3%
>44 años	101.499	100.148	100.474	-4.262	-1.351	326	-4,0%	-1,3%	0,3%	-5.781	-6.137	-6.303	-5,4%	-5,8%	-5,9%
Agricultura y Pesca	7.034	6.822	6.469	-759	-212	-353	-9,7%	-3,0%	-5,2%	-385	-463	-744	-5,2%	-6,4%	-10,3%
Industria	23.591	23.354	23.510	-1.369	-237	156	-5,5%	-1,0%	0,7%	-4.040	-3.953	-3.440	-14,6%	-14,5%	-12,8%
Construcción	22.571	21.733	21.245	-1.551	-838	-488	-8,4%	-3,7%	-2,2%	-4.403	-4.737	-4.472	-16,3%	-17,9%	-17,4%
Servicios	125.367	124.324	126.633	-7.726	-1.043	2.309	-6,8%	-0,8%	1,9%	-10.202	-9.747	-10.698	-7,5%	-7,3%	-7,8%
Sin empleo anterior	16.894	16.812	16.479	-458	-82	-333	-2,6%	-0,5%	-2,0%	-1.884	-1.787	-2.047	-10,0%	-9,6%	-11,0%

Fuente: Boletín mensual de paro registrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Datos de afiliación a la Seguridade Social Galicia-España, 3º Trim. 2016

	Afiliacións media 3ºTrim. 2016			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	973.973	979.104	972.887	16.045	5.131	-1.086	1,67%	0,53%	-0,11%	16.095	15.908	9.691	1,68%	1,65%	1,01%
España	17.844.992	17.699.995	17.712.021	84.721	-144.997	12.026	0,48%	-0,81%	0,07%	529.804	519.096	531.122	3,06%	3,02%	3,09%

Fuente: IGE Informe de afiliación a la Seguridad Social (segun datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social)

No segundo trimestre do ano pódese apreciar un cambio de tendencia no comportamento da sinistralidade en Galicia. O número de accidentes con baixa en xornada de traballo diminuíu un -14,2% respecto do segundo trimestre de 2015, debido principalmente ao descenso dos accidentes leves, que supoñen máis do 98% dos totais. Os accidentes mortais tamén diminuíron (un -28,6%) mentres os graves se incrementaron no 3,4%

Por sectores de actividade, todos rexistraron unha diminución (superior ao -12% na industria e nos servizos, e ao -24% no sector agrícola e na construción. O sector pesqueiro, que viña de ter o comportamento máis positivo en trimestres anteriores, foi no que menos diminuíu a sinistralidade neste trimestre, mesmo con lixeiros incrementos dos accidentes graves e mortais.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 2º Trimestre 2015-2016

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var
Agricultura	302	229	-24,2	10	7	-30,0	1	1	0,0	313	237	-24,3
Pesca	255	244	-4,3	10	11	10,0	1	2	100,0	266	257	-3,4
Industria	1.829	1.596	-12,7	23	22	-4,3	4	1	-75,0	1.856	1.619	-12,8
Construción	811	608	-25,0	17	15	-11,8	1	1	0,0	829	624	-24,7
Servizos	3.053	2.673	-12,4	27	35	29,6	7	5	-28,6	3.087	2.713	-12,1
Total	6.250	5.350	-14,4	87	90	3,4	14	10	-28,6	6.351	5.450	-14,2

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no primeiro semestre de 2016, en Galicia leváronse a cabo 33 folgas, o que supón un descenso dun -35,3% fronte as do mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, vemos que tamén se produciu un descenso, neste caso un -22,4%. Esta acusada tendencia descendente tamén se observa no número de xornadas non traballadas, que se reduciu nun -39,5% total de xornadas de traballo perdidas no 1º semestre do ano respecto ao do 2015, descenso superior ao rexistrado a nivel estatal (onde a redución de xornadas non traballadas foi do -26,6%).

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Xuño 2016

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	33	-18	8.801	-2.538	11.832	-7.721
España	353	-43	86.122	-20.928	195.517	-70.832

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Datos de expedientes de regulación de emprego

Os datos dispoñibles sobre expedientes de regulación de emprego permiten facer unha análise comparativa dos dous primeiros cuatrimestres do ano fronte aos do 2015. En 2016 presentáronse 317 expedientes, un -25,1% menos que no mesmo período do 2015. Os de redución de xornada diminuíron nun -50% e os de suspensión de contratos diminuíron nun -10%. Pola súa banda, os expedientes por despedimento colectivo presentaron valores similares (26 fronte aos 25 do ano pasado).

Por sectores compre sinalar que, mentres que a industria e o sector servizos amosou diminucións no número de expedientes do -46% e na construción os expedientes baixaron un -21,1%, o número de expedientes de regulación de emprego no sector pesqueiro seguen a incrementarse (un 30,8% máis de xaneiro a agosto respecto do ano 2015)

En canto ao número de persoas afectadas, incrementouse nun 2,2% respecto ao ano pasado. Incremento que deriva de xeito exclusivo do aumento de persoas traballadoras afectadas polos expedientes por suspensión de contratos (os de despedimentos colectivos e os de redución de xornada reducíronse de xeito notable) e que afectou de xeito sobranceiro ao colectivo feminino (os homes afectados por expedientes de regulación de emprego reducíronse un -1,0% ata o mes de agosto, mentres que as mulleres afectadas aumentaron nun 12,5%)

Expedientes de regulación de Emprego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Agosto 2016)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.
Agricultura	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	-----
Pesca	1	2	0,0%	103	133	29,1%	0	1	0,0%	104	136	30,8%
Industria	12	7	-41,7%	42	23	-45,2%	30	15	-50,0%	84	45	-46,4%
Construción	4	5	25,0%	20	18	-10,0%	14	7	-50,0%	38	30	-21,1%
Servizos	8	12	50,0%	65	33	-49,2%	124	61	-50,8%	197	106	-46,2%
TOTAL	25	26	4,0%	230	207	-10,0%	168	84	-50,0%	423	317	-25,1%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Datos da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o segundo trimestre de 2016 indican que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes para este trimestre foi de 2.232,7 €, o que supón un descenso interanual dun -0,5%. No referente aos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes foi de 1.640,6 €, valor que representa un incremento interanual do 0,3% nos custos salariais en Galicia, o que supón o terceiro trimestre consecutivo ao alza.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2016

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2.251,3	2,3	1.663,2	3,0
2011	2.265,3	0,6	1.669,7	0,4
2012	2.206,2	-2,6	1.618,1	-3,1
2013	2.260,2	2,4	1.656,0	2,3
2014	2.261,4	0,0	1.654,0	0,0
2015	2.246,2	-0,7	1.649,0	-0,3
1T15	2.175,0	0,2	1.582,3	0,6
2T15	2.242,9	-2,1	1.635,8	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	1.601,9	0,0
4T15	2.370,6	-0,3	1.775,8	0,4
1T16	2.203,1	1,3	1.596,2	0,9
2T16	2.232,7	-0,5	1.640,6	0,3

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No terceiro trimestre do ano constituíronse 1.002 sociedades mercantís en Galicia, é dicir, -264 en comparación co trimestre anterior e 164 máis respecto ao mesmo trimestre do ano 2015. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas no último trimestre foi de 27.523,5 miles de €, o que supón un marcado descenso tanto respecto ao trimestre anterior como respecto ao mesmo trimestre do ano 2015. Porén, aínda que o número de sociedades que aumentaron capital tamén se reduciu, o capital destas incrementábase de xeito acusado tanto en termos trimestrais como interanuais.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2016

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.002	27.523,5	-264	-28,6%	164	-54,6%
Sociedades que ampliaron capital	258	221.645,0	-52	131,7%	-17	41,3%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 3º Trimestre 2016

	3T16	2T16	3T15
Sociedades disoltas	229	293	255
Sociedades que reducion capital	58	68	64
Sociedades en situación concursal	29	87	55

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, no terceiro trimestre disolvéronse 229 sociedades mercantís, 64 menos que no mes anterior, e 36 menos que no terceiro trimestre do 2015. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 58 empresas (10 menos que no trimestre anterior, e 6 menos que no mesmo trimestre do ano pasado). Ademais, rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, sete de fusión e 29 empresas entraron en situación concursal, dato que supón unha moi acusada diminución fronte aos valores de referencia.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No terceiro trimestre o Consello comezou unha rolda de xornadas en cada unha das catro capitais de provincia galegas, todas dedicadas ao debate sobre o “Rexistro e control horario na xornada de traballo” así como unha xornada sobre “Conciliación e corresponsabilidade” en Santiago de Compostela. En total, estes eventos superaron o medio milleiro de asistentes.

No que atinxe ao exercicio da función consultiva sobre normativa laboral conferida a este Consello pola súa lei reguladora, ao remate do terceiro trimestre do ano emitíronse 24 ditames.

O Consello apoia e fomenta a negociación colectiva a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que rexistrou a entrada de 73 expedientes ao remate deste trimestre, e proseguiu o seu labor a prol da negociación colectiva en diversos sectores como sede de comisións paritarias, en reunións de comisións negociadoras de convenios ou estudando as posibilidades de sinatura dos mesmos en sectores que carecen deles ou nos que a negociación atópase bloqueada.

Finalmente, o sete de outubro produciuse o cesamento de Demetrio Fernández López como presidente deste organismo, despois de 14 anos de intenso traballo á fronte do mesmo. Desde aquí desexámoslle moito éxito na súa nova andaina profesional.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_necol2.html

Consello Galego de Relacións Laborais

http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html

Algalía de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

